

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MÉRCORES, 11 DE MARZO DE 2026****PRESIDENCIA****PARLAMENTO**

10,00 h.- O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, responderá no Pleno as preguntas dos grupos parlamentarios.

VIGO

13,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, asistirá ao acto de licitación de obra na parcela M-V-7, en Navia, para 172 vivendas de promoción pública.

TURISMO DE GALICIA**SARRIA (Lugo)**

12,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobará o resultado das obras de mellora realizadas na Ponte da Áspera.

SAMOS (Lugo)

13,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará na reunión de seguimento do programa europeo Ultreia Sudoe.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**ARZÚA (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará a empresa Maderas Carril, beneficiaria das axudas do programa Xera Valor.

BETANZOS (A Coruña)

12,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, percorrerá varios establecementos adheridos á Asociación de Comerciantes e Empresarios/as de Betanzos (ACEBE CCAA) para informar da nova orde de axudas para a dinamización do comercio local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

ARES (A Coruña)

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará o parque fluvial da Xunqueira, no marco das axudas do Programa Galicia Refuxio Climático.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

SARRIA (Lugo)

13,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na presentación da carreira Xacorun.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

NOGUEIRA DE RAMUÍN (Ourense)

12,00.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará o Centro de Información á Muller (CIM) móbil instalado diante da Casa do Concello.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

20,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, asistirá ao pregón da Semana Santa de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO

12,35 h. aprox - O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, responderá no Pleno unha pregunta relacionada con asuntos do seu departamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SAN CAETANO

16,00 h. - O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, xunto co secretario xeral para o Deporte, Roberto García, recibirán o equipo galego campión na categoría 3 do Campionato de Europa FIA de Rallies Históricos.

OURENSE

21,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e o conselleiro de Emprego, **José González**, acompañados polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirán ao encontro da Liga LEB Ouro entre o Cloud.gal Ourense Baloncesto e o Leyma Coruña.

LUGO

18,30 h. - O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao encontro de semifinais entre o Real Betis Balompié e o R.C. Celta de Vigo, no marco da *final four* da Copa do Rei Xuvenil.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

A PEROXA (Ourense)

11,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, e a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, participarán no foro da Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

13,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, visitará as obras acometidas na contorna do castelo da Peroxa.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

CIDADE DA CULTURA

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Alberto Varela, asinarán un convenio para a creación da Rede de Concellos contra o Acoso Escolar. Participará tamén a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SAN CAETANO

- 13,00 h.-** O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, manterá unha reunión de traballo coa directora xeral da Fundación Secretariado Gitano, Sara Jiménez.
- 13,00 h.-** O secretario xeral técnico, Manuel Vila, e o director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, reuniranse con representantes da Confederación Galega de Anpas de Centros Concertados (CONGAPA).

MADRID

- 12,00 h.-** O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, asistirá á presentación do Informe CYD 2025.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 10,00 h.-** A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na xornada informativa sobre axudas á cooperación tecnolóxica internacional no marco do Ciclo Europa.

PONTEAREAS (Pontevedra)

- 11,00 h.-** A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, xunto ao delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, participará na inauguración da Feira das Ensinanzas Artísticas e Profesionais FormaTea.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MOS (Pontevedra)

- 18,15 h.-** A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará as instalacións da nova escola infantil municipal do Rebullón.

BURELA (Lugo)

- 13,30 h.-** O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, visitará as novas instalacións da entidade social Rogacionistas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

PARLAMENTO

12,50 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, contestará no Pleno unha pregunta sobre a repotenciación dos parques eólicos.

VILA DE CRUCES (Pontevedra)

10,00 h.- O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Alfredo Fernández Ríos, visitará a firma Hitraf.

11,30 h.- O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Alfredo Fernández Ríos, visitará a empresa Grúas Guerra.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

VIGO

14.00 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, asistirá ao almorzo Coloquio *WomenCEO-El Mundo en estos momentos*.

SEVILLA

12,30 h.- O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, José María Barreiro, participará na mesa redonda *Claridade e simplicidade: piares dunha administración próxima*, que terá lugar dentro da I Xornada Interautonómica de Simplificación Administrativa.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

PARLAMENTO

10,40 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, responderá unha pregunta no Pleno sobre a recuperación das antigas instalacións da ETEA en Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SAN CAETANO

16,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asinará convenios de colaboración coas entidades bancarias Abanca, Caixa Rural Galega, Unicaja e Banco Sabadell, para o financiamento do *Aval Mozo*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PARLAMENTO

11,25 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha interpelación en relación aos servizos de urxencias hospitalarias.

13,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o centro de saúde de Carral.

13,10 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o servizo de urxencias do Hospital Universitario Lucus Augusti.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

11,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, recibirá os mozos de Wakayama que visitan Galicia no marco do programa *A Xuventude no mundo*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

OURENSE

12,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, participará na inauguración da 19ª edición do Salón da prevención e seguridade laboral, Previsel, apoiado pola Xunta.

Previamente, ás **10,15 h.**, a xerente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), Adela Quinzá-Torroja, presentará a campaña *Coidado das persoas de atención á Dependencia. Prevención de riscos ergonómicos e psicosociais*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PARADA DE SIL (Ourense)

17,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, participará no encontro *Chispa Emprendedora*, para conectar persoas emprendedoras do rural galego e enmarcado nas actividades do Polo de emprendemento do Barco de Valdeorras.

BOS AIRES (Arxentina)

Convocatoria en hora local, 23,00 h en Galicia

19,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, xunto co delegado da Xunta en Bos Aires, Alejandro López Dobarro, participará na clase maxistral impartida polo grupo Luar na Lubre á comunidade de agrupacións galegas de músicos en Bos Aires.

A CORUÑA

19,30 h.- A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, participará no acto de presentación da exposición *Emigrantas. Emerxer do silencio*, un proxecto do Consello da Cultura Galega apoiado pola Xunta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PARLAMENTO

12,00 h. (aprox.).- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, responderá no Pleno unha interpelación sobre a actividade do seu departamento.

13,25 h. (aprox.).- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, responderá no Pleno dúas preguntas sobre a actividade do seu departamento.

SAN CIBRAO DAS VIÑAS (Ourense)

16,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, comprobará as tarefas de prevención que se están executando no marco do convenio de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VITORIA (Álava)

09,00 h.- O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, manterá unha reunión coa directora da Fundación Eliko para a Seguridade Alimentaria do Goberno Vasco, Arantza Madariaga.

LALÍN (Pontevedra)

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, participará na charla sobre dermatose nodular contaxiosa organizada pola Consellería para persoas gandeiras da provincia de Pontevedra.

BERGONDO (A Coruña)

12,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asinará un convenio con Cáritas Diocesana de Santiago en materia de formación.

CONSELLERÍA DO MAR

PARLAMENTO

13,45 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, responderá no Pleno sendas preguntas sobre o proxecto PartBiv e o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

11,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, visitará as instalacións do Centro de Investigacións Mariñas-Cima.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal